



# CONCELLO DE NEDA (A CORUÑA)

Tfnos: 981-38.00.39 e 981-38.02.22 Fax: 981-38.56.00  
Avda. Algeciras nº 34  
15510-NEDA

## CONVOCATORIA

da **SESIÓN ORDINARIA do PLENO DO CONCELLO** que se levará a cabo no Salón de Sesiós, en primeira convocatoria, ás **DEZANOVE horas (19:00 h.)** do **XOVÉS DÍA 21 DE XANEIRO DE 2016**, e en segunda, no seu caso, dous días máis tarde de acordo coa seguinte:

## ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, celebrada o día 23/11/2015.
- 2.- Dacción de conta dos decretos da alcaldía comprensivos do 25/2015 ata o 05/2016.
- 3.- Ratificación do decreto 4/2016 de corrección de erros materiais POS 2016.
- 4.- Aprobación do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016.
- 5.- Rogos e preguntas.

Na Vila de Neda, 18 de xaneiro do 2016.

O Alcalde,

O Secretario Xeral,

*Sr. Concelleiro da Corporación de*

**NEDA**

<p>ANA ROSA PENA BARCIA Neda, / /2015.</p>	<p>MARÍA HELENA PARDO RODRÍGUEZ Neda, / /2015.</p>
<p>ÁNGEL SALVADOR GARCÍA CORDERO Neda, / /2015.</p>	<p>ANTONIO SEIJO MARTÍNEZ Neda, / /2015.</p>
<p>GONZALO FERREIRO REGO Neda, / /2015.</p>	<p>MARÍA BEGOÑA BALSA ALONSO Neda, / /2015.</p>
<p>JOSÉ IGNACIO GUILLERMO CABEZÓN LORENZO Neda, / /2015.</p>	<p>MARÍA MONTSERRAT RICO LÓPEZ Neda, / /2015.</p>
<p>ROBERTO REY FERNÁNDEZ Neda, / /2015.</p>	<p>MARÍA CARMEN INSUA CABANAS Neda, / /2015.</p>
<p>LETICIA IGLESIAS BASANTA Neda, / /2015.</p>	<p>JUAN CARLOS PITA GALEGO Neda, / /2015.</p>

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 23 DE NOVEMBRO DE 2015

### ASISTENTES:

Alcalde-presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (idem)

D<sup>a</sup>. María Begoña Balsa Alonso (idem)

D. Ángel Salvador García Cordero (idem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D<sup>a</sup>. Montserrat Rico López (idem)

D. Roberto Rey Fernández (idem)

D<sup>a</sup>. María Carmen Insua Cabanas (idem)

D<sup>a</sup>. Leticia Iglesias Basanta (MOVENEDA)

D. Juan Carlos Pita Galego (idem)

D<sup>a</sup>. María Helena Pardo Rodríguez (BNG-Grupo mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo mixto)

No Salón de Plenos da Casa do Concello da Vila de Neda sendo as dezoito horas e dez minutos do día vinte e tres de novembro do ano dous mil quince, reúnese en primeira convocatoria baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, o Pleno do Concello, co fin de levar a cabo a sesión ordinaria convocada na forma regulamentaria e a cal asisten os señores concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular do Concello, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora municipal, D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Prieto Martínez.

Sendo a hora sinalada e co quórum regulamentario, pásase ao exame dos asuntos a tratar na orde do día da convocatoria, adoptándose os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar:

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 04/11/2015.**

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade procede á aprobación da citada acta.

### **2º.- SORTEO MESAS ELECTORAIS, ELECCIÓN XERAIS 2015**

Polo Sr. Alcalde indícase que, como en ocasións anteriores, o sorteo de membros de mesas electorais nas presentes eleccións xerais, realizarase empregando a aplicación CONOCE facilitada polo Instituto Nacional de Estatística. A tal efecto, e posto que a aplicación está instalada no equipo informático do Sr. López, Funcionario de carreira desta Administración Municipal, responsable da unidade de procesos electorais, o Sr. Secretario da Corporación propón que se despracen ata o posto de traballo do citado Funcionario un representante de cada grupo municipal con representación no Pleno da Corporación, así como o público asistente que o desexe para que, baixo a fe pública do referido Secretario Municipal se proceda a realización do sorteo, acordando os grupos que os seus representantes sexan D. Roberto Rey Fernández (PP), D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia (PSdeG-PSOE), D. Juan Carlos Pita Galego (MOVENEDA), e D<sup>a</sup> Helena Pardo Rodríguez (BNG-Grupo Mixto).

Feito o sorteo seguindo o procedemento establecido e referido, o resultado é o seguinte, do cal dáse coñecemento ao Pleno da Corporación:

CARGO	DNI	NOME	APELIDO1	APELIDO2
DISTRITO 1 SECCIÓN 1 MESA A				
P	49615665L	SHARON STPHANY	JIMENEZ	DIAZ
PSI	32660975D	BEGOÑA	ANEIROS	DOCE

PS2	32718929A	SOFIA	GONZALEZ	LAGO
V1	76400212P	GUILLERMO	GONZALEZ	PORTO
V1S1	32627487D	CARMEN	FACHAL	BARROS
V1S2	32693077A	ELENA	CASAL	SANTAREN
V2	76400484G	MARGARITA	FILGUEIRA	LOPEZ
V2S1	76398793S	MARIA DOLORES	COUCE	ESPIÑEIRA
V2S2	32711188J	ANGEL	GARCIA	PITA
DISTRITO 1 SECCIÓN 1 MESA B				
P	32691870S	MARTA	NOVO	FERREIRO
PS1	32601854K	JULIO	PICO	VILA
PS2	76411068P	MARIA DE LOS ANGELES	VARELA	CALVO
V1	32668240Y	BEGOÑA	MARTINEZ	NIETO
V1S1	32631989A	JOSE LUIS	LOPEZ	LOPEZ
V1S2	32703838T	SABELA	MALVAR	DIAZ
V2	32665794K	MARIA DEL CARMEN	PRIETO	CASTRO
V2S1	32708830R	ADRIAN	MEIZOSO	OCAMPO
V2S2	32690943P	CRISTINA	LUACES	CASTRO
DISTRITO 1 SECCIÓN 2 MESA ÚNICA				
P	32673880B	MARIA CRISTINA	LOPEZ	CARNOTA
PS1	76409418Z	RAQUEL	SALGADO	SECO
PS2	32698598G	JOSSEPHINE	ALVARIÑO	RAMIL
V1	32688320F	JOSE MANUEL	GONZALEZ	SEQUEIRO
V1S1	35451254C	JUAN FRANCISCO	OUTES	DA SILVA
V1S2	32668981B	BENIGNO	RODRIGUEZ	FERNANDEZ
V2	32613956W	M.TERESA	DIAZ	DOPICO
V2S1	32618306M	JUAN MIGUEL	ALVARIÑO	VILASUSO
V2S2	76400201C	MARIA INELIA	BERMUDEZ	FERNANDEZ
DISTRITO 1 SECCIÓN 3 MESA A				
P	32706405Z	MARTA	ALONSO	CHAO
PS1	32651209H	FERNANDO	BECEIRO	GOMEZ
PS2	32683824L	FABIOLA	MOURIZ	RODRIGUEZ
V1	32696105H	VANESSA MARIA	FORMOSO	CASTRO
V1S1	76407399L	EDUARDO	RODRIGUEZ	ROMERO
V1S2	32682164S	JESUS	MERA	TOJEIRO
V2	32715213J	NEREA	PERILLE	ORJALES
V2S1	32702542S	JOSE FRANCISCO	RODRIGUEZ	GARCIA
V2S2	10878135D	JORGE	GUTIERREZ	BANCES
DISTRITO 1 SECCIÓN 3 MESA B				
P	32656763Y	ANTONIO	GONZALEZ	CENDAN
PS1	52498507H	DAVID	SOTO	ROCHA
PS2	32667116D	ELISA ISABEL	SACHOCOS	PITA

V1	32627777T	ESTHER	NAVEIRAS	LOPEZ
V1S1	32720852V	NEREA	SOTO	DOMINGUEZ
V1S2	32686788Q	MIGUEL	CANTO	MESIAS
V2	32691447Y	LUZ MARIA	LOPEZ	DURAN
V2S1	32709916Y	FRANCISCO	CAAVEIRO	SANDE
V2S2	32686073Z	ROBERTO	MARTINEZ	CASAL
DISTRITO 1 SECCIÓN 4 MESA ÚNICA				
P	32678884R	SILVIA	SANMARTIN	CORRAL
PS1	32650507Y	JUAN CARLOS	SILVA	LOPEZ
PS2	32682012R	JUAN ALFONSO	MAROÑO	HIDALGO
V1	32623248W	MARIA JOSE	TABOADA	DIAZ
V1S1	32605663N	JOSE MARIA	DIAZ	PERILLE
V1S2	32725428Q	LUCIA	GAVIN	PENA
V2	32644595M	BELEN	CABALO	FEAL
V2S1	32662027A	MARIA LUZ	PENA	CANCELA
V2S2	32703630E	JOSE ANTONIO	PICALLO	CABALO
DISTRITO 1 SECCIÓN 5 MESA ÚNICA				
P	32602078S	LUIS ANGEL	VAZQUEZ	PUNTES
PS1	32593146F	GONZALO	FRAGUELA	HERMIDA
PS2	32697321S	BEGOÑA	PICO	VILLARES
V1	32632239T	M JOSE	NAVEIRAS	BALSA
V1S1	32620674G	JOSE MANUEL	DOPICO	SOTO
V1S2	32591766F	JOSE FERMIN	LOPEZ	DOPICO
V2	76405080T	BELEN	FERNANDEZ	VEIGA
V2S1	76401678W	MARIA	ROMERO	HERMIDA
V2S2	32691162C	VANESA	GONZALEZ	MACEIRAS
DISTRITO 1 SECCIÓN 6 MESA A				
P	76405933W	MARIA DEL CARMEN	LOPEZ	GARCIA
PS1	32738139P	CLAUDIA	CENDAN	MIGLIOZZI
PS2	32698603D	ANA MARIA	LAMIGUEIRO	VILLASUSO
V1	32600785X	ELVIRA	ANEIROS	FILGUEIRA
V1S1	76387142W	MANUELA	NAVEIRAS	TORRENTE
V1S2	32672047H	MARCOS DAVID	LORENZO	CEBREIRO
V2	32614701B	RAFAEL	FEIJOO	PRADO
V2S1	76411476W	DANIEL	LOUREIRO	ORIZALES
V2S2	76412914Z	MIGUEL	PORTA	BOUZA
DISTRITO 1 SECCIÓN 6 MESA B				
P	32688482P	NURIA	BRAGE	VARELA
PS1	32697163H	JUAN CARLOS	PEREIRA	PAZ
PS2	32643567N	JUAN RAMON	LOPEZ	RIO DEL
V1	32708622T	JOSE ANTONIO	FACHAL	CASTRO

V1S1	32675929J	EVA YOLANDA	TORRENTE	PERMUY
V1S2	32593143G	ESTHER	ARNOSA	VAZQUEZ
V2	32687971A	PABLO	PIÑEIRO	PAZ
V2S1	79345847X	FRANCISCO	CARUNCHO	SALGADO
V2S2	32717490J	JENIFER	CASAL	TORRENTE

Asimesmo, o Pleno da Corporación acorda que, para o caso de que a Xunta Electoral de Zona ordene a substitución dalgún dos designados, como consecuencia da aceptación de causa de exclusión legalmente establecida, a designación aleatoria se leve a cabo a través da aplicación informática sinalada, por parte do Funcionario responsable de procesos electorais e baixo a fe pública do Secretario da Corporación Municipal.

### **3º.- PARTICIPACIÓN NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL-PAS 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, emitido en sesión ordinaria de 18 de novembro de 2015, o Pleno (tamén previo debate, o cal se transcribe con posterioridade), en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

1.- Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financeiramente sostibles, de acordo co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

#### **A) Inversións financeiramente sostibles de carácter social:**

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA DA ACCESIBILIDADE E REFORMAS NA CASA DA CULTURA DE NEDA	52.468,72 €	0,00 €	52.468,72 €
OBRAS DE PAVIMENTACION DO CAMIÑO DE ACCESO Á PISTA PLIDEPORTIVA DE O ROXAL	31.526,77 €	0,00 €	31.526,77 €
OBRAS DE CONSTRUCCION DE CAPTACION E TRAI DA DE AGUAS EN A RABADEÑA	35.733,96 €	0,00 €	35.733,96 €
SUBTOTAL INVERSIONS DE CARÁCTER SOCIAL	119.729,45 €	0,00 €	119.729,45 €

#### **B) Outros investimentos financeiramente sostibles:**

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total

ELIMINACION DE VERTIDOS NA RIBEIRA DE NEDA Á RIA DE FERROL (zona estación FF.CC)	67.449,20 €	0,00 €	67.449,20 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	67.449,20 €	0,00 €	67.449,20 €

**C) Resumo:**

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL	119.729,45 €	0,00 €	119.729,45 €
SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS	67.449,20 €	0,00 €	67.449,20 €
TOTAL	187.178,65 €	0,00 €	187.178,65 €

2.–Aprobar o Plan complementario no que se inclúen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA DO ALUMEADO PUBLICO EN XERARDO LUACES, ALBARON E MOURELA BAIXA	35.173,16 €
TOTAIS	35.173,16 €

3.–Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.–Comprometerse o concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.–Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.–Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.-Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.-Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**DEBATE:** Sr. Cabezón Lorenzo: totalmente de acordo cos proxectos presentados, especialmente parécenos moi acertado o de captación e traída de augas na Rabadeña, o cal xa tiñamos nos previsto no anterior mandato, para incluír no seguinte plan provincial.

Sra. Iglesias Basanta: estamos totalmente de acordo cos proxectos e investimentos previstos.

#### **4º.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL-POS 2016 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, emitido en sesión ordinaria de 18 de novembro de 2015, o Pleno (tamén previo debate, o cal se transcribe con posterioridade), en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 da Deputación provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordo co financiamento que se indica:

##### **A) Realización de obras e subministracións:**

<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
OBRAS DE PAVIMENTACION DE CAMIÑOS EN VILAR, SUBIDA A ANCOS E FORXA, EN CASADELOS; CANIDO EN O ROXAL; COBELUDA; CORREDOIRA-OS COBOS; A SILVA.	68.638,45 €	0,00 €	68.638,45 €
<b>SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓNS</b>	<b>68.638,45 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>68.638,45 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta táboa.

##### **B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	68.639,27 €
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	<b>68.639,27 €</b>

### C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIONES	68.638,45 €	0,00 €	68.638,45 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	68.639,27 €	0,00 €	68.639,27 €
TOTAL	137.277,72 €	0,00 €	137.277,72 €

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministración	Orzamento
OBRAS DE PAVIMENTACION NAS RUAS PIÑEIROS, LAGARETA E OUTRA	30.003,97 €
TOTALS	30.003,97 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2016 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**DEBATE:** Sr. Cabezón Lorenzo: hai que transixir co 50% de adicación a gasto corrente, xa nos pasou a nós tamén en anteriores plans provinciais.

## **5º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión ordinaria de 18 de novembro de 2015 emitiu informe favorable á elevación ao Pleno da moción do PP que seguidamente se transcribe na súa literalidade:

*“O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN***

*A violencia de xénero é a máxima consecuencia dun sistema baseado no sexismo e na desigualdade de mulleres e homes. A escola pode contribuír á transformación de relacións de poder entre o alumnado realizando os cambios necesarios para asegurar unha socialización igualitaria que respecte a diversidade de identidades existentes e permita o desenvolvemento persoal tanto das alumnas coma dos alumnos.*

*A escola é un lugar privilexiado para iniciar grandes transformacións, non obstante, ela soa non pode abordar esta tarefa. Necesita a colaboración máis formal doutras institucións e axentes sociais, así como o apoio directo da súa comunidade educativa máis próxima.*

*Todas as formas de violencia de xénero, nas súas diferentes manifestacións, aliméntanse dos mesmos problemas de valores, dos mesmos estereotipos caducos e dos mesmos mitos enganosos e que desgraciadamente a poboación máis nova parece estar reproducindo de maneira preocupante ese sexismo e eses estereotipos de xénero que criamos erradicados.*

*Ante esta situación temos que seguir actuando con medidas específicas. E, sobre todo, a xuventude e a poboación adolescente deben contribuír de xeito singular á fin da violencia contra a muller, sendo necesario que os mozos e as mozas identifiquen e rexeiten condutas sexistas que ás veces, se toleran ou xustifican.*

*Por todo o anterior*

*1. O Concello de Neda comprométese a levar a cabo actuacións de coeducación en colaboración cos centros educativos do municipio enfocadas á prevención e sensibilización da violencia de xénero entre a o alumnado.*

*2. O Concello de Neda insta á Xunta de Galicia a elaborar un plan de Igualdade no ámbito educativo, co obxectivo de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención da violencia de xénero, dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal”.*

Posteriormente, na propia data do Pleno, 23 de novembro de 2015, se presenta en man na Secretaría Xeral da Corporación a seguinte:

**ENMENDA CONXUNTA DO GRUPO SOCIALISTA, GRUPO DO MOVEMENTO VECIÑAL MOVENEDA E GRUPO MIXTO ( BNG e CONVERXENCIA GALEGA) Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POPULAR CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO**

cuxo tenor literal é o seguinte:

*“DONA ANA ROSA PENA BARCIA, voceira do grupo municipal do PSOE, DONA HELENA PARDO RODRÍGUEZ, voceira do grupo municipal Mixto e DONA LETICIA IGLESIAS BASANTA, voceira do grupo municipal MOVENEDA, ao abeiro do establecido na normativa aplicable ( art. 97 do ROF das Entidades Locais), elevan ao Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación a seguinte:*

#### ENMENDA

*no anterior Pleno, foi aprobada unha moción presentada polo grupo Socialista contra a violencia de xénero, na que se establecían as medidas necesarias para avanzar nesta loita, conseguintemente non restaría mais que a remisión á citada moción, facendo agora unha nova, sobre o mesmo, absolutamente innecesaria; pero considerando que pese a que o título ou reseña da moción presentada polo grupo Municipal do Partido popular, cunha referencia xenérica a eliminación da violencia de xénero, da lectura do corpo da mesma se deduce que a citada moción se limita a medidas tendentes a prevención da violencia única e exclusivamente no ámbito educativo, e atendendo ao contido, estimamos necesario para a súa aprobación a necesaria adición dos seguintes acordos:*

*1- O concello de Neda instará ao Goberno Central e ao Goberno autonómico a fin de que poñan fin aos recortes dos últimos anos dos recursos destinados a prevención e asistencia, e establezan os orzamentos adecuados a fin de garantir a efectiva realización de cantos plans, acordos, medidas... se vaian acadando e instaurando para a prevención, información e sensibilización dentro do ámbito educativo. Creando ademais un fondo de apoio aos Concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais.*

*2- Si o que se pretende é elaborar un plan no ámbito educativo, e evidente que a educación nas escolas e institutos pasa necesariamente polo contido das asignaturas que se imparten, polo que se instará ao goberno central e autonómico para que proceda a incluír como ensinanza mínima tanto en educación primaria como secundaria unha asignatura que promova a igualdade, a liberdade, a solidariedade, os valores de unha sociedades tolerante e xusta, que promova a dignidade persoal, a responsabilidades, o respecto e o coñecemento dos dereitos e deberes, o que ademais e o fundamento dun estado de dereito e o fundamento dunha sociedade en democracia”.*

**DEBATE:**Sr. Cabezón Lorenzo: non temos inconveniente en aprobar a moción coas emendas de adición presentadas.

Sra. Pena Barcia:en el pasado pleno ya se aprobó una amplia moción, con un amplio listado de peticiones con el fin de erradicar esta lacra, es absolutamente innecesaria una nueva sobre el mismo tema días después.... pero centrándonos en lo que entendemos se trata de una limitación a las medidas a tomar en el ámbito educativo, en la educación y concienciación a escolares, de nada sirven las propuestas, planes de actuación... si estas no están dotadas de contenido económico, sin dotación presupuestaria solo hablamos, no actuamos; es decir, no hacemos nada.

Era absolutamente innecesario hacer una enmienda para pedir que el Concello se comprometa a llevar a cabo actuaciones en los centros educativos de prevención y sensibilización, porque esto no

es un compromiso, es un hecho, se han realizado este curso talleres, actividades y el próximo día 25 todos los centros participarán activamente en ese día de reivindicación y lucha.

Hago lectura del contenido de una parte del RD 1631/2006: “ la educación para la ciudadanía tiene como objetivo favorecer el desarrollo de personas libres e íntegras a través de la consolidación de la autoestima, la dignidad personal, la libertad y la responsabilidad y la formación de futuros ciudadanos con criterio propio, respetuosos, participativos y solidarios, que conozcan sus derechos, asuman sus deberes y desarrollen hábitos cívicos para que puedan ejercer la ciudadanía de forma eficaz y responsable”. Es evidente que con la consecución de este objetivo se erradica no sólo la violencia de género sino infinidad de problemas que nos asolan cada día, estos valores que son ni más ni menos que los de un estado de derecho, la actuación a través de los centros educativos para inculcar directamente estos valores fue en su día tachado por el PP como pretensión del PSOE de conducir la voluntad de los niños y moldear sus conciencias. El gobierno de Rajoy suprimió la asignatura de educación para la ciudadanía y ahora se presenta esta moción.... lo calificamos de lamentable y pedimos al PP en vez de enmiendas vacías de contenido legisle que para eso tiene el gobierno autonómico y central.

Sra. Pardo Rodríguez: efectivamente xa o Pleno de 17 de setembro de 2015 aprobou unha moción do PSdeG-PSOE sobre este tema, pero moito máis completa. Paréceme que o contido da moción presentada polo PP queda escaso, hai que facer moito máis para erradicar esta lacra, e sobre todo hai que estar permanentemente alerta.

Sra. Iglesias Basanta:Só mencionar 3 puntos:

1º.- Nun pleno pasado, o señor Cabezón preguntoume que periódicos lía e cando leín esta moción acordeime de un en particular e explícolle...

- O problema da violencia de xénero non parou de medrar nos últimos anos. ¿Non terá contribuído a elo os recortes en educación? Ou mesmo os recortes ás áreas específicas para elo coma teléfono de denuncia de maltrato. O 20.11.2013 o diario Público reflexaba que en 2013 o PP reduciu os presupostos destinados a loita contra a violencia de xénero nun 30%.

**“En el caso de la igualdad los recortes llegan al 47% en los dos últimos años y el presupuesto destinado a prevenir la violencia contra las mujeres se ha reducido cerca de un 30% tras llegar Rajoy a La Moncloa.**

Son datos oficiales. Basta con echar un ojo a los Presupuestos Generales del Estado para confirmarlo. El dinero destinado a combatir la violencia de género ha sufrido con fuerza los efectos de la tijera: a día de hoy, un 26,9% menos desde 2011. Ese año **el Gobierno entonces presidido por José Luis Rodríguez Zapatero reservó 30.363.120 euros** para este apartado; en 2013, el Ejecutivo **del PP apenas ha destinado 22 millones de euros** (en concreto 22.197.340 euros). En cifras absolutas son 8,1 millones de euros menos entre 2012 y 2013.

En 2014 el panorama no va a cambiar. De hecho, empeora: el presupuesto para los programas de prevención de la violencia machista será de 21.854.420 euros el año próximo, un 1,45% menos que en 2013 y nada más y nada menos que un 28% menos que en 2011.”

2º.- Por outra banda, a dobre moral que practica o Partido Popular, certificase con creces no caso do Grupo de Populares de Neda cun feito especialmente DEPLORABLE:

Os [#PopularesDeNeda](#) publicaron o día 11 de Novembro unha foto na súa conta de facebook onde se denigra a unha deputada da CUP no Parlamento Catalán, pola súa aparencia física. Caen na crítica fácil e no desprezo do adversario polo seu aspecto

- Na moción podemos leer:

"... Todas as formas de violencia de xénero, nas súas diferentes manifestacións, aliméntanse dos mesmo problemas de valores, dos mesmos estereotipos caducos e dos mesmos mitos enganosos..."

Esta frase é incompatible co comportamento amosado polos membros do [#PartidoPopular](#) de Neda xa que no seu facebook, amosan un problema de valores, de estereotipos e de falla total de respecto ao rival, e por elo non son os máis indicados pra dar leccións a ninguén.

3º.- E último punto: Solicitamos e esperamos que o grupo municipal dos populares de Neda, para non incorrer noutra contradición máis; inste ó presidente da Xunta a cesar a José Manuel Baltar; alomenos ata que haxa unha resolución xudicial, respecta á acusación que existe sobre el por acoso sexual.

Sra. Rico López: se alude no caso do facebook a un comentario illado, e que xa foi retirado.

Sr. Cabezón Lorenzo: en todo caso teño que engadir que, se alguén puxo tal comentario no facebook, non foi en nome do Partido Popular de Neda, cuxo voceiro son eu, e por suposto nin eu nin ninguén deste grupo municipal autorizou ditos comentarios. Para maior precisión teño que dicir que eu, como portavoz e máximo representante do meu partido político neste Concello, nin tan sequera teño facebook.

**VOTACIÓN:** Coas emendas presentadas conxuntamente polos grupos municipais PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO, as cales son aceptadas, o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aproba a moción presentada polo grupo municipal do PP, cuxo texto refundido é o que segue:

*A violencia de xénero é a máxima consecuencia dun sistema baseado no sexismo e na desigualdade de mulleres e homes. A escola pode contribuír á transformación de relacións de poder entre o alumnado realizando os cambios necesarios para asegurar unha socialización igualitaria que respecte a diversidade de identidades existentes e permita o desenvolvemento persoal tanto das alumnas coma dos alumnos.*

*A escola é un lugar privilexiado para iniciar grandes transformacións, non obstante, ela soa non pode abordar esta tarefa. Necesita a colaboración máis formal doutras institucións e axentes sociais, así como o apoio directo da súa comunidade educativa máis próxima.*

*Todas as formas de violencia de xénero, nas súas diferentes manifestacións, aliméntanse dos mesmos problemas de valores, dos mesmos estereotipos caducos e dos mesmos mitos enganosos e que desgraciadamente a poboación máis nova parece estar reproducindo de maneira preocupante ese sexismo e eses estereotipos de xénero que criamos erradicados.*

*Ante esta situación temos que seguir actuando con medidas específicas. E, sobre todo, a xuventude e a poboación adolescente deben contribuír de xeito singular á fin da violencia contra a muller, sendo necesario que os mozos e as mozas identifiquen e rexeiten condutas sexistas que ás veces, se toleran ou xustifican.*

*Por todo o anterior:*

*1. O Concello de Neda comprométese a levar a cabo actuacións de coeducación en colaboración cos centros educativos do municipio enfocadas á prevención e sensibilización da violencia de xénero entre a o alumnado.*

*2. O Concello de Neda insta á Xunta de Galicia a elaborar un plan de Igualdade no ámbito educativo, co obxectivo de que sirva de referente a toda a comunidade educativa en materia de coeducación e prevención da violencia de xénero, dende unha perspectiva estrutural, integral e transversal.*

*3. O Concello de Neda instará ao Goberno Central e ao Goberno autonómico a fin de que poñan fin aos recortes dos últimos anos dos recursos destinados a prevención e asistencia, e establezan os orzamentos adecuados a fin de garantir a efectiva realización de cantos plans, acordos, medidas... se vaian acadando e instaurando para a prevención, información e sensibilización dentro do ámbito educativo. Creando ademais un fondo de apoio aos Concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desempeñan e deben seguir desempeñando os servizos sociais municipais.*

*4. Si o que se pretende é elaborar un plan no ámbito educativo, e evidente que a educación nas escolas e institutos pasa necesariamente polo contido das asignaturas que se imparten, polo que se instará ao goberno central e autonómico para que proceda a incluír como ensinanza mínima tanto en educación primaria como secundaria unha asignatura que promova a igualdade, a liberdade, a solidariedade, os valores de unha sociedades tolerante e xusta, que promova a dignidade persoal, a responsabilidades, o respecto e o coñecemento dos dereitos e deberes, o que ademais e o fundamento dun estado de dereito e o fundamento dunha sociedade en democracia”.*

## **6º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A PROMOCIÓN DA COMPETITIVIDADE E VIABILIDADE DA FLOTA GALEGA DE CERCO**

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión ordinaria de 18 de novembro de 2015 emitiu informe favorable á elevación ao Pleno da moción do PP que seguidamente se transcribe na súa literalidade:

*“O voceiro/concelleiro do Partido Popular, Ignacio Cabezón Lorenzo, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DA COMPETITIVIDADE E VIABILIDADE DA FLOTA GALEGA DE CERCO:***

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*O Goberno galego, co seu presidente e a conselleira do Mar á cabeza, vén traballando no obxectivo de garantir a viabilidade e futuro da flota do cerco, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ao mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.*

*Así, foi posible mudar o modelo de xestión que existía con anterioridade, cando gobernaba o PSOE, baseado na pesca olímpica e sen apenas control e que deu como resultado importantes sancións por sobrepesca.*

*O obxectivo final é garantir o máximo tempo posible a operatividade da flota galega do cerco ao longo do ano e facelo, acadando os mellores prezos no mercado e, polo tanto, máis valor para as súas capturas, de xeito complementario ao incremento do número de descargas e facturación rexistrada nos dous últimos anos nos portos galegos.*

*Con todo, unha parte do sector, mantén a necesidade dun cambio no sistema de reparto actual das posibilidades de pesca no caladoiro Cantábrico Noroeste.*

*Sen pechar as portas a esta posibilidade, tal e como anunciou a conselleira Rosa Quintana en múltiples ocasións, si merece un estudo rigoroso para evitar cometer un erro e apostar por modificacións que consoliden un modelo en que poderían gañar algúns pero acaba perdendo o conxunto do cerco galego.*

*Por tanto, dada esta situación do sector do cerco, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Ferrolterra, proponho ao Concello de Neda a aprobación dos seguintes ACORDOS:*

***Primeiro.-*** *Instar á Secretaría General de Pesca e á Xunta de Galicia a recoller as demandas do cerco galego e continuar a defender un modelo de dereitos de pesca que garanta a supervivencia da actividade e o mantemento do emprego, establecendo un reparto que teña en conta maioritariamente aqueles criterios que favorezan a nosa flota.*

***Segundo.-*** *Desenvolver, por parte da Consellería do Mar e co gallo de buscar os criterios máis acaídos aos intereses da nosa flota, un estudo que determine os criterios a empregar para acadar máis posibilidades de pesca”.*

Posteriormente, na propia data do Pleno, 23 de novembro de 2015, se presenta en man na Secretaría Xeral da Corporación a seguinte:

**ENMENDA CONXUNTA DO GRUPO DO MOVEMENTO VECIÑAL MOVENEDA, DO GRUPO SOCIALISTA E GRUPO MIXTO (BNG E CONVERXENCIA GALEGA) Á MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POPULAR PARA A PROMOCIÓN DA COMPETITIVIDADE E VIABILIDADE DA FLOTA GALEGA DE CERCO:**

cuxo tenor literal é o seguinte:

*DONA LETICIA IGLESIAS BASANTA, voceira do Grupo Municipal MOVENEDA; DONA ANA ROSA PENA BARCIA, voceira do grupo municipal do PSOE e DONA HELENA PARDO RODRÍGUEZ, voceira do grupo MIXTO, conformado polo Bloque Nacionalista Galego e Convergencia Galega; ao abeiro do establecido na normativa aplicable (art. 97 do ROF das Entidades Locais), elevan ao Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación a seguinte:*

**ENMENDA A MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DA COMPETITIVIDADE E VIABILIDADE DA FLOTA GALEGA DE CERCO:**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Independentemente de que o sector do cerco teña unha representación nula na economía do noso Concello e relativamente baixa na comarca de Ferrolterra; entendemos que a defensa dos sectores primarios (xa seña leiteiro, agrícola, forestal..) debe ser unha prioridade.

No ano 2012 a Unión Europea fixou as cuotas por país baseándose nas claves de estabilidade relativa. Deste xeito, a cuota asignada para todo o territorio español é repartida nas distintas flotas seguindo criterios históricos; ou sexa; basándose nas capturas dos últimos 10 anos.

Entendemos que empregar criterios unicamente históricos para o reparto das cuotas non garante ningún caso a equidade nin a sostenibilidade. Polo tanto sería convinte establecer criterios de reparto fundamentados en valores socioeconómicos e non soamente en datos históricos.

Cabe dicir tamén, que centrarse soamente en abarcar máis posibilidades de pesca, sen plantexar unha reforma dos modelos de reparto, unicamente conlevaría agravar todavía máis as desigualdades neste sector.

### **ACORDOS:**

**Primeiro:** Instar á Secretaria Xeral de Pesca e á Xunta de Galicia a recoller as demandas de todos os sectores do cerco galego, nun debate aberto e público; e así establecer un sistema de reparto equitativo e xusto.

Deste xeito garantirase a supervivencia da actividade e o mantemento do emprego.

**Segundo:** Desenvolver, por parte da Consellería do Mar en conxunción cos representantes dos distintos sectores do cerco galego un estudo que determine os criterios a empregar para acadar unha maior sostenibilidade e garantir o futuro desta flota.

**DEBATE:** Sr. Cabezón Lorenzo: de unha primeira lectura rápida podo comprobar que as emendas presentadas son coincidentes coa moción presentada.

Sra. Iglesias Basanta: non exactamente, e por iso quero recalcar os dous puntos que se solicitan na emenda:

1º Que a Xunta de Galicia e a Secretaria Xeral recollan todas as demandas do cerco galego, nun debate aberto e público. Que a xente implicada no cerco, en tódolos sectores que abrangue, se poida expresar e se conte con eles.

2º Por parte da Consellería do mar, os técnicos que en conxunción cos representantes dos sectores do cerco realicen un estudo en conxunto, para acadar maior sostenibilidade e garantir o futuro da flota.

Sra. Pena Barcia: Necesariamente para defender a la flota es necesario atender sus peticiones y todo lo demás sobra.... al PP nuevamente exigimos que legisle, que es lo que tiene que hacer, y que legisle en Europa, quien gobierna es lo que tiene que hacer, legislar.... el modelo de reparto no sirve, ellos lo saben mejor que nadie, se está obligado a los marineros a “ escapar” del pescado, con las actuales medidas está condenada a desaparecer un 80% de la flota, las soluciones que ha venido ofreciendo la Xunta de Galicia no sirven absolutamente para nada, según los propios interesados, quienes piden como un clamor la dimisión de Quintana, y se dice que ACERGA no representa al 100% de la flota, no representa 120 de 146 embarcaciones que constituyen el total de la flota; su legitimación es pues absoluta y sus reclamaciones por ser justas han de ser atendidas.

Sr. Cabezón Lorenzo: a flota do cerco en Galicia non diversifica as súas capturas, mentres que outras que si están saíndo adiante, como a cántabra e a vasca, si que o fan, así que por ese camiño hai que buscar a viabilidade.

Sra. Pardo Rodríguez: a diferenza da emenda que presentamos, coa moción do PP está en que se escoite a “todas” as asociacións do cerco, en non so a algunhas delas.

Recollía recentemente La Voz de Galicia para exemplificar unha parte do problema, que un so barco tiña o dobre de cuota que outros tres xuntos de similares características.

ACERGA propón que un dos criterios de reparto de cuotas sexa o número de tripulantes.

Sr. Cabezón Lorenzo: o noso grupo municipal non acepta a emenda conxunta que se presenta a nosa moción.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría simple, con 4 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as do PP, 8 abstencións dos Sres./as Concelleiros/as de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e do Sr. Seijo Martínez (CG-Grupo Mixto), e 1 voto en contra da Sra. Pardo Rodríguez (BNG-Grupo Mixto), procede á aprobación da transcrita moción.

### **7º.- MOCIÓN DO PSOE RELATIVA A VACINA CONTRA A MENINXITE-B**

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión ordinaria de 18 de novembro de 2015 emitiu informe favorable á elevación ao Pleno da moción do PSOE que seguidamente se transcribe na súa literalidade:

*“O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno.*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A invención da primeira vacina, a da variola, realizada por Edwuard Jenner aló polo ano 1796 supuxo un fito na loita contra a enfermidade. A partir dese momento, foron xurdindo vacinas para as enfermidades mortais ou con graves secuelas tales como tifo, tétanos, difteria, tosferina, tuberculose, poliometite, etc ..., o que proporcionou unha batería de ferramentas moi valiosas para poder loitar contra estas enfermidades e as súas devastadoras consecuencias. Estas novas armas á disposición dos médicos, deron como consecuencia unha importante diminución da mortalidade infantil e un aumento da esperanza e calidade de vida, pero só estaban dispoñibles para un pequeno sector da poboación, aquel que tiña os recursos suficientes para sufragalo gasto económico destas vacinas.*

*Co transcorrer do tempo, en España iniciáronse campañas de vacinación que non foron de carácter obrigatoriedade ate os anos 20 por mor dunha epidemia de variola, despois desta etapa de campañas, nos anos 70 implementanse os calendarios vacinais, incidíndose na prevención temperá ao realizala naqueles grupos de maior risco como son os nenos/as dende case o nacemento. En España, estas vacinacións sufragadas polo erario público, supuxeron un gran avance non só en saúde e diminución drástica da mortalidade infantil, senón en igualdade de oportunidades, posto*

*que calquera familia tiña ao seu dispor, de xeito gratuíto, a oportunidade de inmunización ou polo menos de minimizar os riscos e secuelas de moitas enfermidades.*

*A Constitución Española, no artigo 43 de protección da saúde, no seu punto primeiro recoñécelle aos cidadáns españois o dereito á protección da saúde e no segundo, establece que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.*

*O Convenio sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola ONU e ratificado por España, establece no artigo 6, que os Estados asinantes recoñecen que tódolos nenos teñen dereito intrínseco á vida e garantirán na máxima medida posible a supervivencia e o desenvolvemento do neno.*

*Existe dende fai meses un colectivo denominado “**Plataforma de Cidadáns pola Saúde - Vacina XA**”, que se mobiliza para recordarlle aos poderes públicos os deberes de protección que teñen coa cidadanía e en especial na protección da saúde e a prevención da enfermidade e esixen destes poderes, que introduzan a vacina contra a meninxite B de xeito universal e gratuíto para tódolos cidadáns, tendo en conta que neste ano xa morreron dous veciños de Arteixo e outro en Boiro. Dende esta plataforma son conscientes de que o eido municipal non ten case competencias a nivel sanitario e que a Xunta de Galicia non é quen de modificar unilateralmente o calendario vacinal, pero recórdanos que os Grupos Municipais dos concellos, están formados por veciños e veciñas, e son os representantes políticos da administración máis próxima á cidadanía, por iso nos piden que sexamos os valedores da súa causa ante os Gobernos da Xunta de Galicia e o Goberno de España, propoñendo, para aprobar polo pleno municipal, os seguintes **ACORDOS**:*

- *Instar ao Goberno de España para que curse orde ao Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B, sexa incluída de xeito inmediato no calendario vacinal.*
- *Instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inclusión inmediata da vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da Meninxite B”.*

**DEBATE:**Sr. Cabezón Lorenzo: estamos en contra da moción e explicaremos o motivos desta decisión. Dende o día 1 de outubro deste ano, a vacina contra a meninxite-B empezouse a vender nas farmacias, e por tanto está dispoñible, agora ben, cousa distinta é que as autoridades sanitarias competentes a inclúan no calendario de vacinación oficial, xa que para iso fai falla un consenso da comunidade médico-científica que ate o de agora non se acadou.

Pediatras, epidemiólogos, patólogos, médicos de familia, etc, teñen que informar e chegar ao consenso necesario para determinar a necesidade de vacinación, e ao fío deste, como médico que son quero advertir do perigo que supón a práctica detectada de ir a mercar a vacina a oficinas de farmacia de Portugal, xa que en traxectos largos pódese romper a necesaria cadea de frío que conserva o fármaco en condicións de ser administrado correctamente.

Sra. Pardo Rodríguez: o certo é que hai alarma social con este tema, e si a vacina se vende en farmacias non debería haber discriminación por razóns de renda das familias, e incluíla no calendario vacinal.

Sra. Iglesias Basanta:totalmente de acordo coas verbas da concelleira Sra. Pardo Rodríguez.

Sra. Pena Barcia:es una exigencia constitucional la protección de la salud, y por supuesto con el carácter universal y gratuito a que vienen obligados los distintos gobiernos, aunque desgraciadamente vemos que esto desde hace 4 años está muy lejos de la realidad.... exigimos la instauración, gratuidad y universalidad de esta vacuna de manera inmediata.

**VOTACIÓN**:O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as do PP, procede á aprobación da transcrita moción.

### **8º.- MOCIÓN DO PSOE RELATIVA A DERROGACIÓN DA LEI 27/2013, DE 27 DE DECEMBRO (LRSAL)**

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión ordinaria de 18 de novembro de 2015 emitiu informe favorable á elevación ao Pleno da moción do PSOE que seguidamente se transcribe na súa literalidade:

*“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:*

#### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS***

*A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local veu reformar a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, poñendo en xaque a base do municipalismo e o modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos trinta anos.*

*A reforma exposta priva ás entidades locais das competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, así como en sanidade, consumo, igualdade, políticas activas de emprego, etc.*

*A nova Lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado, e en especial das Entidades Locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as Administracións públicas no canto de situar a atención ós cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.*

*Desde o principio, o PSOE opúxose frontalmente a esta reforma porque ataca e dana á raíz mesma do goberno municipal, recorta competencias aos concellos e abre o camiño á desaparición ou á privatización dos servizos sociais que prestan os concellos. O texto é, ademais, un ataque á Carta Europea de Autonomía Local. Tamén se opuxeron o resto dos grupos da oposición e alcaldes de toda España, incluídos moitos do Partido Popular.*

*Por iso, os Grupos Parlamentarios Socialista, Esquerda Plural, Unión Progreso e Democracia, e Mixto (BNG, CC-NC-PNC e Compromís-Q) presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra esta Lei. O mesmo fixeron algunhas Comunidades Autónomas. Igualmente, máis de 3.000 concellos de toda España, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, presentaron un conflito ante o Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local*

*constitucionalmente garantida. Tanto os recursos como o conflito presentados foron admitidos a trámite polo Tribunal Constitucional e están pendentes de tramitación e sentenza.*

*Hoxe de novo, reafirmamos o noso compromiso de derrogar esta lei en canto o PSOE chegue ao Goberno. Un dos principais ataques ao municipalismo da LRSAL é un cambio profundo na organización do sistema público dos Servizos Sociais, que afecta a repartición e a relevancia da Administración Local no conxunto das actuacións do Estado, desposuíndoa de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade, e onde é esencial a proximidade para a prestación dos servizos. Calcúlase que cando o 31 de decembro entre en vigor a previsión de cesión das competencias de servizos sociais municipais ás CCAA, máis de 8,5 millóns de cidadáns veranse afectados.*

*Desta maneira créase unha situación crítica para a continuidade do sistema público de Servizos Sociais en España que se foi construíndo desde os anos 80, sobre a base do marco constitucional, e dos Estatutos de Autonomía.*

*En desenrolo do marco constitucional foise consolidando o actual sistema público de Servizos Sociais, baseado na cooperación entre administracións e que permite a aplicación do Plan Concertado de Servizos Sociais.*

*Esta reforma creba a estrutura xa consolidada e limita extraordinariamente as funcións de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera "avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social", desnaturalizando por completo o sistema actual.*

*Ademais, isto lévase a cabo nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven no noso país por baixo do limiar de pobreza. 2,8 millóns de nenos, o 33,8 por cento da poboación menor de idade, están en risco de pobreza. A taxa de cobertura por desemprego baixou até deixar desatendidas á metade das persoas en paro, mentres que ter un traballo, xa non garante saír da pobreza en España.*

*Nun contexto como o actual, é necesario potenciar os servizos aos que a cidadanía recorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral, pero paradoxalmente, o Goberno do PP, no seu afán de reducir a mínimos a protección social, consumou o desmantelamento da Rede Pública de Servizos Sociais de proximidade, con recortes orzamentarios (64% no Plan Concertado) que, ademais de deixar sen protección a miles de cidadáns en plena crise, supuxo a destrución de máis de 10.000 postos de traballo do sector público local.*

*Tamén se marxina aos cidadáns que viven no medio rural ao eliminar calquera servizo social dos pobos con menos de 20.000 veciños (incluso os servizos sociais de asistencia inmediata deixan de ser de carácter obrigatorio nos municipios pequenos) en aras dunha pretendida maior rendibilidade, e para traspasar ditas competencias directamente ás deputacións provinciais.*

*En definitiva a LRSAL suporá para millóns de persoas perder a atención social que reciben dos seus Concellos. Por iso, a Xunta de Goberno da FEMP pediu unha moratoria da súa entrada en vigor e a posterior derogación da mesma.*

*Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno Municipal a presente **MOCIÓN**, solicitando a adopción do seguinte **ACORDO**:*

*Dirixirse ó Goberno do Estado para:*

- a) *Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.*
- b) *Mentres tanto, se comprometa a tramitar, de forma inmediata, unha modificación lexislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, reafirmando a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade”.*

**DEBATE:**Sr. Cabezón Lorenzo: o certo é que o novo goberno municipal suprimiu servizos de marcado carácter social que se viñan prestando por parte do Concello, como son os de podoloxía e fisioterapia, e por outra parte agora o grupo municipal do PSOE presenta unha moción para que os Concellos teñan maiores competencias. Existe un certo punto de incongruencia, dende unha perspectiva xenérica, e dende a perspectiva concreta dos servizos aludidos, o certo é que eran extraordinariamente ben acollidos pola nosa veciñanza, e por iso non se deberían ter suprimido.

Sr. Alcalde:os servizos xurídicos e económicos municipais asesoraron a este goberno sobre a necesidades de solicitar autorización á Xunta de Galicia para continuar coa súa prestación, de conformidade coa Lei 27/2013 estatal, e coa Lei 5/2014 autonómica.

Sra. Pena Barcia: Los motivos que nos llevan a proponer esta moción los hemos expuesto en el cuerpo del escrito que la desarrolla pero que resumidamente se centra en que nos encontramos ante una ley, la Ley de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local, que priva a las entidades locales de competencias en materias de : servicios sociales, promoción y reinserción social, igualdad, sanidad, políticas activas de empleo, consumo.... porque la inversión, el desarrollo de estas materias va frontalmente contra la “ estabilidad presupuestaria”, único criterio que interesa al estado y a la Xunta, por esto en su día entre otros el PSOE y el BNG presentaron recurso de inconstitucionalidad, por su puesto hoy no resuelto.

Esta ley es un ataque al municipalismo, se van a ver afectados millones de ciudadanos usuarios de los servicios sociales, sobretudo en los municipios de menos de 20.000 vecinos.

Un ejemplo aquí en casa, los servicios de podología y fisioterapia han tenido que ser suspendidos temporalmente, porque por el Sr. Secretario se nos informa que los servicios que se venían prestando no cumplen las previsiones de esta Ley, que se trata de servicios que no son de competencia municipal y que tendremos los reparos correspondientes de la Interventora, nos hemos visto obligados a solicitar permiso a la Xunta de Galicia, para poder seguir prestando estos servicios, anticipando que tras la llegada de la autorización estos servicios , a través de servicios sociales serán ampliados, se atenderán muchas más horas en podología y se intentará también en fisioterapia...llegaran a muchos más beneficiarios, no sólo mayores de 65 años, sino también, prejubilados, beneficiarios de pensiones de viudedad, personas con minusvalía, personas en riesgo de exclusión...en atención al número de miembros de la unidad familiar e ingresos se estará exento de pago de tasas, se pagará el 50% o el 100%, evidentemente se atiende a criterios de solidaridad.

Sr. Cabezón Lorenzo: a nova fórmula de prestación que parece que adoptará o goberno municipal, vai privar a estes servizos do seu carácter social, xa que unha das principais funcións que cumpría era precisamente aliviar as listas de espera que podía ter a sanidade pública nesta materia, así como no seu caso, as carencias do sistema. En canto se adopte a nova fórmula prevista para a prestación dos servizos, inmediatamente se van xerar unhas listas de espera considerables, e o tempo así o amosará.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos Sres./as Concelleiros/as do PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos en contra dos Sres./as Concelleiros/as do PP, procede á aprobación da transcrita moción.

**9º.- RATIFICACIÓN DO DECRETO 21/2015 DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVO A ADHESIÓN DO CONCELLO DE NEDA COMO SOCIO DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO “GOLFO ÁRTABRO NORTE”**

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade procede á ratificación do Decreto 21/2015, de 6 de outubro de 2015, da Alcaldía-Presidencia, do seguinte tenor literal:

**DECRETO 21/2015**

**Adhesión como socio ó Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Norte”**

Tendo en conta que se pretende a constitución do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Norte”, GALP, como entidade sen ánimo de lucro co obxectivo social de colaborar na gobernanza da zona, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira e servindo de núcleo de converxencia e representación das persoas particulares, entidades e axentes socioeconómicos con interese no desenvolvemento integral e equilibrado da zona.

Sendo de interese deste Concello a participación como socio da entidade que se pretenden constituír.

Dada a urxencia na constitución da referida entidade, polo presente resolvo:

1º.- Manifestar a vontade deste Concello de Neda de adherirse como socio ó Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Norte”.

2º.- Designar como representante do Concello no GALP, á D<sup>ª</sup>. Begoña Balsa Alonso e como substituto a D. Gonzalo Ferreiro Rego.

3º.- Solicitar a baixa voluntaria como socio do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”, do que forma parte este Concello.

4º.- Esta resolución queda supeditada ó que ó respecto acorde o Pleno por ser o órgano competente, previos informes da Secretaría e Intervencións municipais.

5º.- Este Decreto incluírase na Orde do Día do próximo Pleno que se celebre para a súa ratificación, se procede.

## **10º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA, COMPRENSIVOS DO 20/2015 AO 24/2015**

O Pleno toma coñecemento dos Decretos de Alcaldía comprendidos entre o 20/2015 e o 24/2015, ambos incluídos, copias de todos os cales figuraban a disposicións dos concelleiros/as xunto coa documentación plenaria que acompañaba á orde do día da sesión.

## **11º.- DACIÓN DE CONTA REPAROS SUSPENSIVOS 2015**

Ao abeiro do previsto no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e asimesmo de conformidade cos artigos 215 e seguintes do citado texto lexislativo, dáse conta ao Pleno da Corporación dos reparos formulados por Intervención Municipal ao longo do exercicio 2015, comprensivos do Informe de reparo 1 ao Informe de reparo 17, ambos incluídos, así como das resolucións de levantamento dos citados reparos ditadas pola Alcaldía-Presidencia.

Toda a documentación correspondentes queda incorporada ao expediente plenaria, e a disposición dos membros da Corporación Municipal na Intervención Municipal.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Con carácter previo ao punto de rogos e preguntas, por parte da Alcaldía-Presidencia dáse lectura ao

## **DOCUMENTO EN APOIO AO FUTURO DOS ESTALEIROS DE NAVANTIA NA RÍA DE FERROL**

*A grave situación pola que atravesamos o sector naval na ría de Ferrol segue, logo de máis de tres décadas, nun proceso de progresivo desmantelamento; constituíndo en contraposición ao papel que lle correspondería como sector estratéxico na economía comarcal e galega, un dos elementos que máis está a contribuír ás elevadas taxas de desemprego (as máis altas de Galicia), emigración e índices de emerxencia social e pobreza no entorno dos concellos da comarca.*

*A aguda crise que atravesamos os estaleiros de Navantia Fene – Ferrol, sen novos contratos que incrementen, a practicamente inexistente, carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral. Esta xa ten manifestado a súa inquedanza con mobilizacións masivas e de non variar a situación intensificaranse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.*

*As Corporacións Municipais, advertimos da necesidade de novos contratos, que garantan plena ocupación nos estaleiros da Ría e a súa División de Reparacións. Esiximos un compromiso firme de todas as Institucións para dotar de medios técnicos e humanos ao estaleiro de Fene e a garantía de Navantia de facer efectivo xa o levantamento do veto a Construción Naval Civil. Entendemos básicas estas demandas que, de non ser atendidas, derivarían nunha seria ameaza para o futuro do naval, un sector estratéxico e fundamental na economía das nosas comarcas.*

*Os Alcaldes de Ferrolterra, Eume e Ortegal, en representación das nosas Corporacións, sumámonos ás lexitimas demandas dos axentes sociais e facemos un chamamento a todas as*

*Institucións a comprometerse, na resolución inmediata das devanditas demandas, que enumeramos a continuación:*

- 1. Mantemento da titularidade pública de todos os centros de traballo de Navantia da Ría de Ferrol.*
- 2. Defensa do sector naval civil e militar, potenciación de Reparacións e Turbinas, fabricación de bens de equipo, produción en offshore e enerxías renovables.  
Defensa destas actividades como sector estratéxico en Galicia.*
- 3. Dotación inmediatamente de carga de traballo aos estaleiros da Ría, garantindo a colocación de sendas quillas nas gradas de Ferrol e Fene.  
Construción do Dique, orde de execución urxente do mesmo.*
- 4. Plan de futuro, que asegure o sostemento da compañía e o seu reforzamento a medio e longo prazo, coa participación dos representantes dos traballaores/as.*
  - Incorporación de xóvenes que garanta a continuidade de todos os centros de traballo, dotándoos de plantilla suficiente para afrontar calquera tipo de proxecto, evitando a liquidación de postos de traballo, a precarización das condicións laborais e a merma da capacidade de produción.*
  - Industria Auxiliar, como complementaria para Navantia, non como mecanismo de abaratamento de custes.*
  - Demanda de contratación propia como no resto de Administracións e eliminación da precariedade equiparando as condicións laborais e salariais.*
  - Capitalización e posta en marcha dun Plan de Investimentos, que modernice os estaleiros e potencie a I+D+I en todas as áreas.*
- 5. Descentralización da xestión, en especial os departamentos de Compras / Aproveñamentos.*
- 6. Esixencia ás organizacións políticas do cumprimento e seguimento destes obxetivos.*
- 7. Reunión urxente co Presidente da Xunta de Galicia, a Dirección de Navantia e os Comités de Empresa de Navantia Fene – Ferrol, coa presenza conxunta dos Sindicatos, da Universidade, e de representantes públicos e económicos das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.*

O Pleno, por unanimidade, presta aprobación ao transcrito documento de apoio ao futuro dos estaleiros de Navantia na Ría de Ferrol.

## **12º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Intervén en primeiro lugar o **portavoz do grupo municipal do PP, Sr. Cabezón Lorenzo**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Nuestro grupo quiere que se convoque de manera inmediata al equipo redactor del PXOM, nuestro grupo considera que nos encontramos en un situación de estancamiento a la que hay que dar un impulso urgentemente. Llevamos meses sin ningún avance y esto no podemos consentirlo.

Sr. Alcalde: lo convocaremos inmediatamente para seguir avanzando con el Plan General.

2º.- Solicitamos información del avance de las obras de la escuela infantil así como del estado en que se encuentra la redacción de los pliegos para sacar a concurso la gestión de la misma.

Sr. Alcalde: la consultora que resultó adjudicataria de la redacción del plan de viabilidad dispone de un mes y medio para la elaboración.

3º.- En la Comisión de Delegados del 14-09-15 se habla de la solicitud de un orzamento para efectuar una campaña informativa de recollida selectiva de lixo. ¿Qué tipo de campaña se pretende llevar a cabo?

Sra. Balsa Alonso: se van a repartir unos calendarios casa a casa para concienciar a la gente en materia de recogida selectiva de residuos.

4º.- En esa misma Comisión de Delegados el concelleiro de deportes comunica que van a acometerse obras de reforma en el vestuario bajo la grada del campo de fútbol municipal. Dado que esas obras están finalizadas recientemente y supervisadas por los servicios técnicos municipales, ¿qué es lo que se quiere hacer ahora nuevamente?

Sr. Seijo Martínez: hubo que hacer unas pequeñas reparaciones en las duchas, en los bancos de los vestuarios y en el calentador.

5º.- Nos preguntamos por qué se le ha facilitado a Viaqua el acceso de su camión mediante el acondicionamiento en la ribera de San Nicolás y si el mismo va a ser sufragado por el Concello, cuando, mientras el PP presidió el Concello, siempre consideramos que esa actuación, junto con la toma de energía eléctrica para las bombas de la zona que está vertiendo, era una responsabilidad única y exclusivamente de la concesionaria y en ningún caso debían de pagarlo los vecinos de Neda.

Sr. Alcalde: lo que se hizo fue la limpieza y el acondicionamiento de la ribera, para uso común general de todo el mundo.

6º.- En la Comisión de Delegados del 30-10-15 se habla del inicio de expediente para solicitar la Concesión del área de Subarreiros. ¿Con qué fin? Nosotros conseguimos de la Demarcación el compromiso de una actuación allí a cambio de que hiciéramos la pasarela del Belelle. ¿Por qué ahora esta solicitud y no se exige que acondicionen ellos como estaba acordado?

Sr. Alcalde: son cosas distintas, lo que se va a solicitar es la concesión de todo el área de dominio público marítimo-terrestre de los Subarreiros, que está pendiente de este trámite ante la Demarcación de Costas del Estado en Galicia.

7º.- En la Comisión de Delegados de fecha 19-10-15 la concelleira de cultura habla de que es necesario anunciar mejor los actos del Concello, y dice que se deben aprovechar los paneles municipales. Consideramos que estos tableros la gente no lo mira, en efecto la información queda anticuada y recomendamos hacer más incidencia en la utilización de medios de comunicación. Neda ya apenas tiene presencia en la prensa.

Sra. Pardo Rodríguez: non se trata de utilizar soamente os paneis municipais, senón de incrementar a presenza de información en eles, e por suposto conxuntamente, como vimos facendo, cos medios de comunicación tradicionais, comunicacións electrónicas, etc.

8º.- Con respecto a su intervención al respecto de una solicitud de su concejalía a la Sra. Interventora para poder cobrar a los peregrinos fuera del albergue queremos señalarle que siempre se cobraron esas pernoctas por parte de Protección Civil para lo que disponía de unos talonarios, si no aparece en una ordenanza, estamos seguros que en su momento se adoptó un acuerdo de Junta de Gobierno probablemente a lo largo de la legislatura 2007/2011. Nos parece muy acertado redactar y recoger ese asunto en una ordenanza.

Sra. Pardo Rodríguez: estudiaremos a existencia de esa ordenanza ou acordo municipal ao respecto, e no caso de que non exista, traballaremos na redacción dunha para poder realizar eses cobros de forma regulamentaria.

Seguidamente intervén o **concelleiro do PP, Sr. Rey Fernández**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

9º.- ¿Qué obras y quien las realizó, se llevaron a cabo en la entrada del Centro Cívico?

Sr. Alcalde: esas obras las realizó personal del Concello puesto que cuando llovía había filtraciones, y era necesaria una actuación inmediata.

10º.- Nos consta que el empleado de limpieza de Eulen en el Pabellón Polideportivo realiza también su trabajo como entrenador por lo que parece ser que no cumple el horario que le es exigible a la empresa. Solicitamos que se investigue este hecho y si así fuera que se exija a la empresa que cubra esos horarios con otro/a empleado/a.

Sr. Seijo Martínez: no me consta, indagaré para ver si eso sucede, y en su caso tomar medidas.

11º.- ¿Qué empresa o autónomo ha llevado a cabo el acondicionamiento del área de Subarreiros? Consideramos el trabajo muy mal ejecutado dado que en lugar de cortar la hierba lo que se ha hecho es simplemente aplastarla y disponemos de fotografías que así lo acreditan.

Sr. Alcalde: pues le diré que está bastante mejor que como lo dejaron ustedes antes de que entrásemos en el gobierno municipal.

12º.- Queremos saber por qué motivo se produjo estos días el corte de luz en la Casilla del Puntal?

Sr. Alcalde: para nuestra sorpresa cortaron la luz porque no había ni contrato ni contador, así que ustedes que recibieron la obra cuando gobernaban, deberían tener una explicación para ello.

Sr. Cabezón Lorenzo: habrá que preguntarle al Arquitecto Municipal, que era el director de la obra, y dio el visto bueno para su recepción y apertura, ya que como comprenderá mis funciones como Alcalde en aquel momento no comprendían la revisión de los contadores de la luz, funciones que sí son competencia del director de obra.

A continuación intervén a **concelleira do PP, Sra. Rico López**, quen formula a seguinte pregunta:

13º.- Se nos han facilitado datos relativos a los gastos derivados de la Festa do Pan, advertimos que es una relación incompleta por lo que estaremos pendientes de que se nos faciliten más datos para poder disponer del gasto total.

A continuación intervén a **concelleira do PP, Sra. Insua Cabanas**, quen formula o seguinte rogo:

14º.- Se le recuerda al Sr. Alcalde que Movistar mantiene activa la línea móvil 608570227 a fin de que revise que no se le cobre al Concello por la misma y se proceda a su baja inmediata.

Seguidamente toma a palabra a **portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, Sra. Iglesias Basanta**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Señora Begoña Balsa, na comisión de coordinación de delegados de área do 9/11/15 fala dos problemas dos voluminosos e que se sacan a destempo. Non estamos en desacordo coa opinión de que a policía local faga unha labor de vixilancia...pero si que se ten falado de facer uns carteis para que os veciños saiban do día que lles corresponde.

Consideremos que antes de empregar a policía local, debería colocarse a sinalización ou buscar outra alternativa de comunicación de horarios e días para este tipo de lixo.

Sra. Balsa Alonso: se van a poñer uns dípticos informativos para que cheguen a todo o mundo e haxa unha labor de concienzación nesta materia.

2º.-Tamén, como rogo; sabemos que non está obrigada a facer comisións informativas; pero antes da feira que se está a organizar ou temas da súa concellería nos vemos un pouco desamparados. ¿Gustaríanos saber que horario ten de atención ós veciños para poder preguntarlle e onde?

Sra. Balsa Alonso: todos os luns a partires das 19 horas.

3º.- Solicitamos explicaciónsde como vai A Casilla do Puntal, no referente ao suministro eléctrico, do cal xa se ten falado antes?

Sr. Alcalde: xa está o contrato firmado así como o boletín de enganche, por elo o problema debe quedar xa resolto.

Seguidamente intervén o concelleiro de MOVENEDA, **Sr. Pita Galego**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

4º.- En actas que leemos de Xuntas de goberno e comisións, vemos que hai temas que veñen dirixidos a tódolos grupos do Concello e non recibimos esa información en tempo, así sucedeu por exemplo coa moción contra a pobreza enerxética presentada pola CIG o 17 de agosto de 2015, e agora recentemente cun plan de formación da Deputación Provincial dirixido a concelleiros/as dos

distintos municipios. Quixeramos que se nos comunique tan pronto chegase por se fose útil e de interese para nós e para os veciños.

5º.- Ao fío do que sen ten falado neste Pleno sobre recollida selectiva de lixo, teño que dicir que hai bastantes contenedores deteriorados, e pediríamos por tanto que se vaia facendo unha renovación antes da colocación de pegatinas informativas.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as vinte horas do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario Xeral,